

ÍNDICE

- 1.- ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
- 2.-CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN
- 3.-COMPETENCIAS CLAVE
- 4.-METODOLOXÍA E ACTIVIDADES TIPO
- 5.-INFORMACIÓN Á ALUMNOS DURANTE O ESTADO DE ALARMA

1.-Estándares de aprendizaxe.

1. Expresa de forma global sentimentos, vivencias e emocións propias.
2. Aplica as normas socio- comunicativas: escoita e respecta a quenda de palabras.
3. Integra de xeito global os recursos básicos verbais e non verbais para comunicarse oralmente.
4. Participa activamente en diversas situacións de comunicación: diálogos, exposicións orais moi guiadas, con axuda, cando cumpre, de tecnoloxías da información e a comunicación.
5. Utiliza o vocabulario axeitado á súa idade.
6. Comprende o sentido global de textos orais de uso habitual, do ámbito escolar e social.
7. Identifica as ideas xerais en reportaxes audiovisual sobre temas do seu interese.
8. Canta cancións, conta e recita pequenos contos e poemas.
9. Adecúa a entoación e o volume á representación dramática.
10. Narra situacións e experiencias persoais sinxelas.
11. Describe, de forma sinxela, persoas, animais obxectos e lugares seguindo unha orde: de arriba a abaixo; de abaixo a arriba
12. Utilizar correctamente expresións para situar e ordenar as rutinas: antes, despois, pola mañá, pola noite...
13. Usa unha linguaxe non discriminatória e respectuosa coas diferenzas.
14. Pide axuda para a realización de tarefas de distinta índole.
15. Lee con pronunciación e entoación axeitada, textos sinxelos, de variada tipoloxía, breves e adaptados á súa idade.
16. Relaciona a información que achega o título e as ilustracións co tema do texto.
17. Recoñece a funcionalidade de determinadas tipoloxía textuais: carteis, anuncios, avisos, receitas, normas, instrucións ...
18. Expresa o gusto pola lectura como fonte de lecer.
19. Explica, de xeito sinxelo, as súas preferencias lectoras.
20. Identifica, con axuda, os textos da biblioteca (escritos ou en soporte informático) máis axeitados para obter información e para o seu lecer.
21. Coida, conserva e organiza os seus libros.
22. Relaciona os códigos oral e escrito: discrimina sons nas palabras e consolida aspectos grafomotores e grafías da Lingua castelá en palabras significativas.
23. Identifica diferentes tipos de texto escrito: listas, receitas, narracións, poesía, noticia ...
24. Ilustra de xeito creativo os seus escritos con ilustracións redundantes.
25. Escribe, con axuda, en diferentes soportes, textos moi sinxelos propios do ámbito escolar e social: listas, notas, normas, felicitacións, instrucións, contos, anécdotas...
26. Presenta os seus escritos con limpeza, evitando riscos.
27. Desenvolve a conciencia fonolóxica: identifica sílabas e fonemas como elementos fundamentais da palabra.
28. Recoñece o alfabeto e iníciase na orde alfabética.
29. Distingue nome e adxectivo en palabras significativas.
30. Distingue xénero e número en palabras habituais.
31. Utiliza adecuadamente os artigos nos textos orais e escritos.

32. Forma grupos nominais respectando as normas de concordancia
33. Relaciona sinónimos e antónimos básicos en parellas de palabras significativas.
34. Establece comparacións entre distintos elementos.
35. Utiliza diminutivos e aumentativos, en textos orais e escritos.
36. Identifica no seu contorno palabras derivadas de outras moi evidentes.
37. Utiliza de forma correcta os signos de puntuación e as normas ortográficas propias do nivel e as aplica á escritura de textos significativos sinxelos e seguindo modelos.
38. Forma e ordena correctamente oracións simples para compoñer textos sinxelos.
39. Utiliza de xeito guiado, distintos programas e aplicacións educativos dixitais como ferramenta de aprendizaxe.
40. Compara aspectos (gráficos, sintácticos, léxicos) das linguas que coñece.
41. Identifica sinxelos textos propios da literatura infantil: contos, poesías, cómics, adiviñas...

2.-Criterios de avaliación e cualificación

1. Participar en *erán* men de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando o quenda de palabra.
2. Recoñecer a información verbal e non verbal dos discursos orais e integrala na *erán* ment propia.
3. Expresarse e comunicarse de forma oral e con certa coherencia para satisfacer as necesidades de comunicación en diferentes *erán* men de aula.
4. Ampliar o vocabulario a partir das experiencias de aula.
5. Comprender o sentido global dun texto oral.
6. Identificar información relevantes.
7. Valorar os medios de comunicación social como instrumento de comunicación.
8. Reproducir textos orais próximos aos seus gustos e intereses.
9. Dramatizar, de xeito colaborativo, textos infantís.
10. Expresarse de forma oral en diferentes *erán* men con vocabulario axeitado e unha secuencia coherente.
11. Usar unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
12. Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar e preguntar.
13. Ler en voz alta diferentes tipos de textos infantís breves e sinxelos.

14. Anticipar o contido de textos do ámbito escolar e social axeitados ao seu nivel.
15. Comprender a funcionalidade de diferentes tipoloxía textuais, atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos) adaptados a súa idade.
16. Mostrar interese e gusto pola lectura.
17. Progresar na adquisición do hábito lector.
18. Mostrar interese por ter unha biblioteca propia.
19. Interiorizar e utilizar as normas básicas de escritura e os seus aspectos gráficos
20. Relacionar códigos verbais e non verbais.
21. Planificar e producir, con axuda, diferentes tipos de textos atendendo ao seu formato (descritivos, narrativos, dialogados) e intencionalidade comunicativa (informativos, literarios e prescritivos) e coida a presentación
22. Aplicar os coñecementos gramáticos básicos sobre a estrutura da lingua.
23. Mellorar o coñecemento da lingua e sistematizar a adquisición de vocabulario.
24. Aplicar os coñecementos básicos sobre as regras ortográficas para favorecer unha comunicación máis eficaz.
25. Desenvolver estratexias para mellorar a comprensión oral e escrita a través do coñecemento da lingua.
26. Utilizar programas e recursos educativos dixitais para realizar tarefas e avanzar na aprendizaxe.
27. Comparar aspectos básicos das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada
28. Apreciar o valor dos textos literarios sinxelos e utilizar a lectura como fonte de gozo e información.
29. Gozar da escoita de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos.
30. Coñecer o funcionamento da biblioteca de aula.

- 31.Reproducir, con axuda, a partir de modelos dados, textos literarios sinxelos: contos, poemas e adiviñas.
- 32.Valorar a literatura en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.

Criterios de cualificación

Segundo os distintos instrumentos de avaliación empregados na aula os resultados obtidos en cada un delos serán un peso determinado na avaliación xeral da Área.

Criterios de cualificación 1º e 2º avaliación

ÁREAS	INSTRUMENTOS DE EVALUACIÓN	%	INDICADORES
LENGUA	-Control de la velocidad lectora (entonación, fluidez...) -Fichas de evaluación de las Unidades. -Pruebas de comprensión lectora -Fichas de evaluación de escritura. -Dictados sencillos.	25%	LECTURA Y COMPRENSIÓN ORAL -Escucha y comprende el sentido de un texto oral y sencillo -Lee y comprende textos escritos sencillos. EXPRESIÓN ESCRITA -Elabora textos escritos sencillos, breves y concretos que tengan sentido. - Respeta y hace uso de la ortografía; -Separa correctamente las palabras. - Uso de las mayúsculas en la posición inicial y en nombres propios. -Uso del punto. EXPRESIÓN ORAL -Expresa de forma oral hechos, experiencias propias, da opinión de forma clara y ordenada. -Memoriza de forma comprensiva textos sencillos: trabalenguas, poemas, adivinanzas y canciones.

Observación directa y registro de trabajo en el aula.	50%	-Muestra disposición hacia el aprendizaje. -Muestra autonomía en la realización del trabajo diario. -Domina la destreza de motricidad fina. -Muestra orden en su trabajo -Participa en actividades de trabajo cooperativo -Realiza sus actividades en el libro, cuaderno o fichas en el tiempo destinado a ello
Observación directa y registro de actitud y comportamiento	20%	- Cumple las normas del aula. - Respeta y cumple las normas de trabajo cooperativo - Escucha y atiende en las explicaciones diarias, lectura... - Participa y muestra interés. - Se esfuerza en su trabajo personal. - Presenta limpios sus trabajos
Revisión y registro de trabajo en casa	5%	- Lee cuentos - Realiza fichas de refuerzo y/o ampliación.

O criterio de cualificación para a terceira Avaliación farase en función das cualificacións das dúas primeiras avaliacións, mellorando cun punto, aqueles alumnos que realicen as actividades propostas de maneira eficaz. En ningún caso, a nota poderá ser inferior dada a situación actual de estado de alarma:

40% -Nota da 1º avaliación

40%-Nota da 2º Avaliación

20%- Actividades repaso e reforzo das avaliacións anteriores.

Valorando:

- O traballo na casa

Instrumentos utilizados:

Actividades de reforzo e repaso dos contidos da 1º e 2º avaliación.

Criterios de avaliación:

- ❑ Aplica as normas ortográficas (maiúscula o principio de frase e nos nomes propios, ademais de m antes de p e b e o punto o final dos textos.
- ❑ Realiza textos sinxelos con coherencia utilizando o vocabulario aprendido.

- ❑ Le con fluidez textos adecuados a súa idade identificando o argumento.
- ❑ Interese polo uso da lingua galega.

3.COMPETENCIAS CLAVE

O traballo en Lingua Castelá e Literatura ten unha relación disciplinar coa Competencia lingüística; igual que sucede coa Conciencia e expresións culturais, da que forma parte importante a creación literaria. Dende un punto de vista transversal, a lingua é o vehículo de comunicación por excelencia, ten unha faceta de regulación da propia para aprender a aprender. Non obstante, tamén se abordan nela un gran número de aspectos que forman parte do resto de competencias.

	CCL	CMCT	CD	CAA	CSC	CSIEE	CCEC
Expresa de forma global sentimentos, vivencias e emocións propias.	x			x	x		
Aplica as normas socio- comunicativas: escoita e respecta a quenda de palabras.	x			x	x		
Integra de xeito global os recursos básicos verbais e non verbais para comunicarse oralmente.	x				x		
Participa activamente en diversas situacións de comunicación: diálogos, exposicións orais moi guiadas, con axuda, cando cumpra, de tecnoloxías da información e a comunicación.	x		x	x	x	x	
Utiliza o vocabulario axeitado á súa idade.	x						
Comprende o sentido global de textos orais de uso habitual, do ámbito escolar e social.	x			x			
Identifica as ideas xerais en reportaxes audiovisual sobre temas do seu interese.	x			x			
Canta cancións, conta e recita pequenos contos e poemas.	x			x			x
Adecúa a entoación e o volume á representación dramática.	x						
Narra situacións e experiencias persoais sinxelas.	x					x	
Describe, de forma sinxela, persoas, animais obxectos e lugares seguindo unha orde: de arriba a abaixo; de abaixo a arriba	x						
Utilizar correctamente expresións para situar e	x						

ordenar as rutinas: antes, despois, pola mañá, pola noite...							
Usa unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.	x						
Pide axuda para a realización de tarefas de distinta índole.	x				x	x	
Lee con pronunciación e entoación axeitada, textos sinxelos, de variada tipoloxía, breves e adaptados á súa idade.	x						
Relaciona a información que achega o título e as ilustracións co tema do texto.	x			x			
Recoñece a funcionalidade de determinadas tipoloxía textuais: carteis, anuncios, avisos, receitas, normas, instrucións ...	x			x			
Expresa o gusto pola lectura como fonte de lecer.	x						
Explica, de xeito sinxelo, as súas preferencias lectoras.	x						
Identifica, con axuda, os textos da biblioteca (escritos ou en soporte informático) máis axeitados para obter información e para o seu lecer.	x		x	x			
Coida, conserva e organiza os seus libros.	x				x		
Relaciona os códigos oral e escrito: discrimina sons nas palabras e consolida aspectos grafomotores e grafías da Lingua castelá en palabras significativas.	x						
Identifica diferentes tipos de texto escrito: listas, receitas, narracións, poesía, noticia ...	x						
Ilustra de xeito creativo os seus escritos con ilustracións redundantes.	x						
Escribe, con axuda, en diferentes soportes, textos moi sinxelos propios do ámbito escolar e social: listas, notas, normas, felicitacións, instrucións, contos, anécdotas...	x		x	x			
Presenta os seus escritos con limpeza, evitando riscos.	x			x			
Desenvolve a conciencia fonolóxica: identifica sílabas e fonemas como elementos fundamentais da palabra.	x						
Recoñece o alfabeto e iníciase na orde alfabética.	x						
Distingue nome e adxectivo en palabras significativas.	x						
Distingue xénero e número en palabras habituais.	x						
Utiliza adecuadamente os artigos nos textos orais e escritos.	x						
Forma grupos nominais respectando as normas	x						

de concordancia							
Utiliza os tempos verbais: presente, pasado e futuro en textos sinxelos.	x						
Relaciona sinónimos e antónimos básicos en parellas de palabras significativas.	x						
Establece comparacións entre distintos elementos.	x						
Utiliza diminutivos e aumentativos, en textos orais e escritos.	x						
Identifica no seu contorno palabras derivadas de outras moi evidentes.	x						
Utiliza de forma correcta os signos de puntuación e as normas ortográficas propias do nivel e as aplica á escritura de textos significativos sinxelos e seguindo modelos.	x						
Forma e ordena correctamente oracións simples para compoñer textos sinxelos.	x						
Utiliza de xeito guiado, distintos programas e aplicacións educativos dixitais como ferramenta de aprendizaxe.	x		x	x			
Compara aspectos (gráficos, sintácticos, léxicos) das linguas que coñece.	x				x		
Identifica sinxelos textos propios da literatura infantil: contos, poesías, cómics, adiviñas...	x						x
Dramatiza con xestos e palabras, escenas de contos.	x			x	x		x
Gozo da escoita de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos.	x						x
Interpreta, intuitivamente e con axuda, a linguaxe figurada en textos literarios (personificacións).	x			x			
Utiliza de xeito guiado a biblioteca de aula como fonte de información e lecer.	x			x			
Recrea de xeito individual e cooperativo, sinxelos textos literarios (contos, poemas..) a partir de pautas ou modelos dados.	x			x			x

4.-METODOLOXÍA E ACTIVIDADES TIPO

A lingua constitúe unha ferramenta fundamental para que o ser humano poida articular o seu propio pensamento, comprender e representar a realidade, adquirir novos coñecementos e comunicarse cos demais.

O seu correcto coñecemento e dominio por parte do alumnado é un dos principais obxectivos do sistema educativo. O currículo de Educación Primaria

emanado da Lei Orgánica 8/2013 para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) establece que a área de Lingua Castelá e Literatura na Educación Primaria ten como finalidade «o desenvolvemento das destrezas básicas» no uso da lingua: escoitar, falar, ler e escribir, de forma integrada», ao tempo que busca facer dos alumnos lectores competentes, capaces de apreciar e gozar co feito literario.

A presente proposta didáctica para a área de Lingua Castellana e Literatura do **1º curso de Educación Primaria** parte dos contidos, os criterios de avaliación, os estándares de aprendizaxe avaliáveis e as orientacións de metodoloxía didáctica definidos no currículo da etapa. Esta proposta articúlase en torno aos seguintes eixes:

6.1.-A aprendizaxe da lectoescritura.

O método de lectoescritura no que se basea a proposta é de carácter mixto. Este recolle tanto as achegas dos modelos analíticos como dos sintéticos. O ensino da lectoescritura parte da comprensión por parte do alumno do sentido global de palabras, frases ou textos sinxelos para posteriormente pasar a dividilos en unidades menores. Faise fincapé no desenvolvemento da conciencia fonolóxica por parte do alumno.

Proceso de aprendizaxe da lectura e a escritura

Nos primeiros niveis de Primaria, o neno posúe un pensamento sincrético (non concreto) que se caracteriza por manexar os aspectos particulares dos conceptos, en lugar das propiedades xerais que os definen. Para aumentar o vocabulario é fundamental que os nosos alumnos lean. Un dos compoñentes diferenciadores dos actuais métodos de lectura é que sexa comprensiva para o neno/a e non mecánica, isto é que lle dea un significado dende o principio. Para iso teranse en conta as seguintes formulacións:

- ✓ Traballo sobre textos suxestivos e variados, seleccionados segundo o desenvolvemento madurativo e lingüístico do alumnado.
- ✓ Desenvolvemento dun programa sistemático de comprensión lectora, no que se tratan todas as estratexias necesarias para unha lectura eficaz.

- ✓ Carácter práctico e enfoque competencial das tarefas que as aprendizaxes lingüísticas (gramaticais, ortográficos) se aproximan á realidade dos alumnos e estean ao servizo da competencia comunicativa.
- ✓ Planificación de programas específicos para o desenvolvemento da expresión oral e a expresión escrita, a partir de modelos textuais en diferentes soportes.
- ✓ Proxecto flexible que permita a adaptación aos diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe.
- ✓ Formulación de actividades con diferentes niveis de dificultade, actividades para a excelencia, que permiten desenvolver a creatividade, etc.

6.2.-A lectura e a escritura de textos.

O desenvolvemento da competencia lectora e escritora do alumno é unha das metas máis importantes do 1º curso de Educación Primaria. Así, cada unidade comeza cun texto narrativo que foi redactado por un autor de Literatura Infantil e Xuvenil atendendo ao desenvolvemento cognitivo do alumnado e no que se transmiten valores axeitados para o seu desenvolvemento individual e para a súa convivencia cos demais. Ademais, as unidades inclúen outras tipoloxías de texto coa finalidade de iniciar o alumno na súa lectura e composición escrita.

Recursos para traballar o texto escrito

Hai que eliminar a idea de que aprender lingua é aprender teoría gramatical e regras abstractas. A Educación Primaria debe ensinar a utilizar a lingua, manipulala, creala e recreala.

Os textos seleccionados para traballar en clase tratarán sobre temas que motiven os alumnos e alumnas. Utilizaremos textos de variadas características (autores diversos, rexistros diferentes, dificultade maior ou menor...) para que o noso alumnado teña máis posibilidades de desenvolver a súa competencia comunicativa.

O traballo sobre un texto comezará polas actividades de comprensión e rematará coas de produción. Realizaremos actividades de produción dirixidas como completar, transformar o texto, inventar outro final.

6.3.-A comprensión lectora.

Concibida como unha dimensión in-separable da experiencia lectora, buscouse complementar a lectura dos textos iniciais das unidades con actividades que fagan que os alumnos desenvolvan diversas habilidades e estratexias de comprensión lectora.

6.4.-A comprensión e expresión oral.

Atendendo á importancia da dimensión oral da competencia comunicativa, incluíuse nas unidades unha sección específica para o seu desenvolvemento na aula. As actividades que nela se propoñen enmárcanse en situacións comunicativas próximas ás experiencias do alumnado. Ao mesmo tempo, para reforzar esta capacidade, as unidades incorporan de xeito transversal actividades de carácter oral ao longo das súas distintas seccións.

Recursos para traballar o texto oral

Para a adquisición e desenvolvemento da linguaxe oral propoñemos os seguintes principios de intervención educativa. En primeiro lugar propoñemos unha serie de medidas para intentar corrixir o desequilibrio lingüístico:

- ✓ Tomar conciencia do nivel sociolingüístico do alumno.
- ✓ Integrar as experiencias do neno nas situacións de aprendizaxe que produzan na aula.
- ✓ Organizar grupos e mesturar nenos que proveñan de distintos niveis socioculturais.
- ✓ Favorecer un ambiente de liberdade e espontaneidade, que lle axude a expresarse e comunicarse e utilizar todas as situacións vitais para ampliar a linguaxe.
- ✓ Fomentar as actividades que consistan en xogos verbais, semánticos e sintácticos: canto, mímica, debuxo...
- ✓ Individualizar a aprendizaxe.
- ✓ Tomar nota das dificultades que xurdan no proceso de aprendizaxe.

- ✓ Observar se as devanditas dificultades derivan en perturbacións ou trastornos da linguaxe ou a comunicación, para emendalas se podemos ou consultar co PT e o equipo psicopedagógico do centro.

A continuación formulamos unhas orientacións metodolóxicas na didáctica da comunicación oral.

- ✓ Partir das experiencias dos nenos, principalmente de dúas fontes: os sentidos e os xogos para ensinar a comunicación oral, e utilízala nas actividades.
- ✓ Fomentar o desenvolvemento de actividades motivadoras que potencien a escoita activa e creativa.
- ✓ Establecer unha liña de continuidade entre a linguaxe infantil e adulta.
- ✓ Correlación entre a linguaxe oral e a linguaxe escrita. Canto mellor se domine a expresión oral, mellor preparado está para adquirir a linguaxe escrita.

6.5.-A reflexión lingüística.

O coñecemento lingüístico constitúe un elemento esencial da competencia comunicativa. Por iso, abórdase o estudo das regras gramaticais, ortográficas e léxicas dun xeito integrado e cunha clara orientación cara á aplicación dos saberes lingüísticos adquiridos en situacións comunicativas.

6.6.-As competencias clave.

A adquisición por parte do alumna-do das competencias básicas constitúe outra das liñas fundamentais da presente proposta. Esta realízase dende unha formulación integradora e funcional, coa finalidade de que os contidos da área de Lingua Castelá e Literatura contribúan ao desenvolvemento das distintas competencias definidas polo actual currículo escolar como básicas ou clave.

6.7.-A aplicación das TIC.

A sociedade e a educación do século XXI non se poden entender xa sen as TIC. Ante esta realidade, este proxecto incorpora de xeito transversal a súa utilización nos procesos de ensino-aprendizaxe co obxectivo de que o alumno

adquiera os coñecementos e as habilidades necesarios para empregalas de forma eficaz e responsable, tanto na aula como fóra dela.

Finalmente, cabe engadir que esta Proposta didáctica se fundamenta nos seguintes **principios da metodoloxía de ensino-aprendizaxe**.

- ✓ **A motivación do alumnado.** A necesidade de que o alumno adopte un papel activo no proceso de ensino-aprendizaxe satisfáise a través dunha proposta que intenta converter o aprendizaxe nunha experiencia motivadora.
- ✓ **O enfoque funcional da lingua.** Desde unha perspectiva funcional e pragmática, abórdase o estudo da lingua tendo como obxectivo facer dos alumnos individuos capaces de comunicarse de maneira adecuada e eficaz cando interactúen cos demais, xa sexa no ámbito familiar, académico ou social.
- ✓ **O rol do alumno.** O éxito da educación radica, en gran medida, en converter o alumno no verdadeiro protagonista da súa propia aprendizaxe, ao mesmo tempo que o docente actúa de facilitador e mediador desta. Para iso, búscase motivar o alumnado con contidos e actividades enmarcados en situacións próximas á súa experiencia, que poñan en evidencia a utilidade das aprendizaxes que este realice
- ✓ **A axeitada selección e secuenciación de contidos.** Pretendemos que exista harmonía entre as metas e os medios que se utilizan para conseguilas.
- ✓ **A aprendizaxe significativa.** A aprendizaxe do alumnado fórmase a partir dos coñecementos e das experiencias previas que este xa posúe, para ir construíndo os novos conceptos.
- ✓ **O ensino será activo e centrado no alumno.** Entendido nun dobre sentido: por unha parte como modo de que os alumnos realicen unha aprendizaxe autónoma e, por outra, establécense estratexias que levan a unha actividade en todos os aspectos: manipulativos, motóricos e cognitivos.

- ✓ **O progreso e o reforzo das aprendizaxes.** Os contidos e as actividades aparecerán secuenciados atendendo ao criterio de progresión, coa finalidade de compasar de xeito axeitado o proceso de ensino-aprendizaxe co grao de complexidade dos contidos. Así mesmo introducíronse actividades destinadas a que os alumnos poidan repasar e reforzar as aprendizaxes xa realizadas.
- ✓ **A innovación educativa.** Nos últimos anos, a investigación no campo da didáctica achegou novos enfoques que buscan superar as limitacións do modelo tradicional educativo. A presente proposta integra varias destas achegas —por exemplo, a teoría das intelixencias múltiples ou as estratexias de aprendizaxe cooperativa—, coa finalidade de enriquecer a experiencia educativa que se desenvolve na aula e mellorar os resultados académicos do alumnado.
- ✓ **A atención á diversidade e aos diferentes estilos de aprendizaxe dos alumnos.** O profesorado contará cun amplo e variado conxunto de materiais e recursos didácticos. Entre estes, cabe destacar, ademais do Libro do alumno e a Proposta didáctica, os murais, os cadernos dos alumnos e o Libro dixital, que inclúe un xerador de avaliación, material para Atención á diversidade e actividades interactivas.

ACTIVIDADES TIPO

Levaremos a cabo diferentes tipos de actividades de repaso e reforzo das dúas primeiras avaliacións que poñan en funcionamento capacidades de acción-reflexión dos alumnos por iso as súas características serán:

- ✓ - Motivadoras, coeducadoras, gratificantes, útiles.
- ✓ - Cércanas a realidade e características dos alumnos.
- ✓ - Creativas.

- ✓ - Actividades individuais e grupais.
- ✓ - Flexibles na súa realización.

17.-INFORMACIÓN Á ALUMNOS EN ESTADO DE ALARMA

A aula de 1ºA, decidiu comunicarse cos seus alumnos a través dunha conta correo Google a través da cal semanalmente envíaselle aos alumnos unha serie de fichas para que poidan traballar durante estes días de confinamento. As fichas farannas 1 de cada asignatura ao día.